

Preámbulo

No último párrafo: “Conselleiro”

Artigo 3.

As Oficinas Municipais de Información Xuvenil. Xa que a nomenclatura OMX, xa é recoñecida entre a mocidade.

Incorporar Casas de Xuventude e outros espazos para a mocidade.

Artigo 4.

Mellorar e complementar as especificacións do artigo Artigo 102 do 50/2000. Como está escrito no preámbulo “Desenvolver dun xeito integral todas as materias relevantes para a mocidade”.

Tomando de base o anterior decreto e sen olvidar os principios da Carta Eryica, a proposta vai encamiñada a especificar, concretar e mellorar os mínimos obrigatorios.

No decreto 50/2000 enmarcábase: Un local axeitado de uso exclusivo, distribuído en dúas zonas claramente diferenciadas e separadas, unha para o traballo de organización e elaboración dos materiais de consulta e outra para a atención ó público.

É importante o espazo reservado para a atención ó público, sobre todo cando falamos de temáticas xuvenil (temas afectivo-sexuais, incorporación o emprego,...). Do mesmo xeito que ter un espazo para traballar na organización de materiais que, pola súa parte, ter este espazo impulsa

Esto garante o cumprimento dos principios 7 e 5 da Carta Europea da Información Xuvenil. (“A información facilitarase de modo que se respecte tanto a confidencialidade dos usuarios como o seu dereito ao anonimato.” e “Cada usuario ha ser respectado como individuo, e a resposta a cada pregunta deberá ser personalizada.”)

Sen olvidar a importancia da exclusividade do local, axeitado para cumprir o principio 3 da Carta Eryica. (“Deberán resultar atractivos, ter un ambiente agradable, e cun horario de funcionamento que respecte as necesidades da xente nova.” )

Tamén falaba de: “Un horario de atención ó público non inferior ás 25 horas semanais.”

A proposición sería ampliar o servizo a 30 horas semanais.

Ou establecer uns mínimos en función á poboación xoven da área, nº de usuarios/as anuais,...

Marcar unhas recomendacións de calidade de servizo.

Incluir que o horario de funcionamento debe respetar as necesidades da xente nova. (Principio 3 da carta Eryica)

En canto o cadro de persoal, definíase, Un cadro de persoal proporcionado ó volume dos servizos que presta e ó número de usuarios.

Marcar unhas recomendacións de calidade en canto a isto. Xa que o volume de servizos é moi diverso duns servizos a outros.

O responsable da oficina debe posuír, como mínimo, unha titulación universitaria de grao medio e ter coñecemento acreditado da lingua galega. Previamente ó recoñecemento da oficina recibirá no centro coordinador formación básica no eido da información xuvenil.

O responsable da oficina baixa de categoría no borrador.

Revisar a titularidade do Técnico como responsable da oficina.

Coñecementos, Formación, especialización coa Información Xuvenil.

Non esquecer a importancia formación que se pode ofrecer dende o centro coordinador á toda a Rede Galega de Información Xuvenil.

Aclaraba que A dotación do material suficiente para cumprir con efectividade as tarefas de información e documentación, debendo dispoñer, como mínimo, do seguinte soporte informático: un ordenador conectado á Rede de Información Xuvenil (RIX) e correo electrónico.

A proposta podería comprender software especializado para a elaboración, difusión e documentación da información xuvenil. E sería interesante incorporar teléfono para o propio servizo.

Interesante unha recomendación ou aclaración de cal é o material suficiente.

## Artigo 5

Seguindo a mesma liña do artigo anterior. Especificar, mellorar e facer recomendacións para a fomentar a calidade dos PIX-PMIX.

Retomaremos neste caso o artigo 104 do Decreto 50/2000 e os mínimos de calidade establecidos na Carta Eryica.

Cando o Decreto 50/2000 fala Un local de uso exclusivo ou un espacio propio e diferenciado daqueles dedicados a outros servizos dentro do mesmo local, suficiente para albergalo material, soportes de consulta e atende-lo público.

En consonancia co punto anterior, propoñemos establecer

A importancia dun espazo reservado para a atención ó público, sobre todo cando falamos de temáticas xuvenil(temas afectivo-sexuais, incorporación o emprego,...).

Facilitando o cumprimento dos principios 7,3 e 5 da Carta Europea da Información Xuvenil.

En canto horarios estableciese, Un horario de atención ó público non inferior ás 10 horas semanais.

A proposta sería establecer uns mínimos en función á poboación xoven da zoa ou marcar unhas recomendacións.

Así como aumentar o horario a 15 horas semanais.

Un cadro de persoal proporcionado ó volume dos servizos que se prestan e ó número de usuarios.O responsable do punto terá unha titulación mínima de bacharelato, técnico superior, técnico especialista en formación profesional ou outra equivalente e ter coñecemento acreditado da lingua galega. Previamente ó recoñecemento do punto recibirá no centro coordinador formación básica no eido da información xuvenil.

Na liña do artigo anterior.

A dotación do material suficiente para cumprir con efectividade as tarefas de información e documentación, debendo dispoñer como mínimo do seguinte soporte informático: un ordenador conectado á Rede Galega de Información Xuvenil (RIX) ,correo electrónico, software informático, teléfono.

Tamén seguindo as propostas do artigo 4.

## Artigo 8

Punto 2. A proposta é que contén como mínimo co servizo dunha OMIX ou PMIX.

## Artigo 11

Establecer desde este novo Decreto recomendacións de nº de informadores xuvenís según o ratio de poboación xove ou usuarios/as anuais do servizo.

## Artigo 12

Mellorar a definición de técnico. ¿qué mais fai un técnico? Pode ser, responsable da planificación integral dos servizos de información xuvenil.

Esixir un Título de grado relacionado con algún tipo de carreira social (educación/traballo social, pedagogía, ....)

## Artigo 26-27-28

O plantexamento de que so Acampadas, rutas e campos de traballo son actividades xuvenís de tempo libre. Deixa de lado o traballo no eido da educación non formal dos informadores e técnicos.

No artigo 4 deste actual borrador establece un plan de actividades de dinamización da información. Proponemos que este tipo de actividades se considere educación non formal no tempo libre.

Considerando diferentes tipoloxías de actividade: Obradoiros, actividades puntuais, de ocio nocturno, de educación de rúa, de dinamización da poboación xuvenil, excursións, dinamización dun espazo informativo, ....

Sen establecer todos os requerimentos das acampadas, rutas e campos de traballo, a proposta é facer recomendacións dos ratios de monitores, voluntarios ou técnicos cas que deben contar este tipo de actividades.

Seguros mínimos para estas actividades.

Esixir un programa de educación non formal vinculado a actividade.

Instaurar un carné que acredite ó persoal que traballa con mocidade durante o transcurso destas actividades.

## **APORTACIÓN 1:**

Artigo 3

Punto 4- Diferenciar as Oficinas Municipais de Información Xuvenil das Oficinas Locais de Información Xuvenil (cuestión de márketing)

Artigo 4-

Requisitos mínimos do persoal: xornada completa para o Técnico en Xuventude.

Punto 3.b) Especificar un horario de atención á xuventude non inferior a 25 horas semanais.

Punto 3.d) O responsable da oficina ten que ser o Técnico en Xuventude.

Contemplan a posibilidade de que o Responsable poda ser un Informador Xuvenil con X anos de experiencia profesional nun SIX.

Artigo 7- Perfil profesional do persoal das Oficinas de orientación e asesoramento especializado: a maiores da formación universitaria específica deben ter formación en materia de intervención en xuventude.

Artigo 12. Do técnico/a en xuventude.

Especificar funcións do Técnico de Xuventude como responsable dun SIX.

## **APORTACIÓN 2:**

Unha cuestión que engadiría é que:

"as oficinas de asesoramento especializado contarán co persoal axeitado en función do territorio de atención, dispersión poboacional, igualdade no acceso aos recursos e garantía de atención con independencia do lugar onde residan"

## **APORTACIÓN 3:**

**Artigo 7. Oficinas de orientación e asesoramento especializado en xuventude.** Baixo o meu punto de vista non se nos nomea (aos Quérote+) en ningún apartado de forma clara, polo que a proposta sería que aparezan de forma explícita ou como exemplo de oficina de asesoramento especializado, e que se definan as temáticas que abordamos, os servizos que ofertamos, así como que se especifique as nosas labores informativas, de asesoramento e se formule unha descrición detallada nun apartado propio.

O mesmo, en canto á posibilidade de que se nos inclúa no **CAPITULO II . DA FORMACIÓN DA XUVENTUDE** como recurso de Formación á mocidade e mesmo aos axentes implicados na mesma (Familias , Profesionais...)